

## O PSdeG exixe mañá á Xunta no Parlamento a creación dunha Mesa de Impulso do porto seco de Monforte

**Os socialistas preguntarán tamén na Comisión de Industria cales son os plans do Goberno galego para poñer en marcha e captar empresas para a plataforma loxística de mercadorías, que incentivos establecerá e cal será a participación das organizacións empresariais e sociais da zona**

**Estas son as primeiras iniciativas que aborda a Cámara galega das que presentaron os socialistas co fin de terminar coa "actitude contemplativa" do Goberno galego, e "sumar esforzos" para garantir que este proxecto sexa "unha verdadeira oportunidade que reactive a economía e cree emprego na zona sur"**

O PSdeG defenderá mañá xoves no Parlamento galego unha proposición non de lei na que esixirá á Xunta a creación dunha Mesa de Impulso da Plataforma Loxística de Monforte, un ente "no que estean presentes a propia administración galega, así como o Concello e organizacións empresariais e sociais, e que teña como obxectivo definir o proxecto empresarial do porto seco, a estratexia de desenvolvemento, e os incentivos necesarios para levalo a cabo", explicou o deputado socialista na Cámara autonómica Vicente Docasar.

O grupo parlamentario do PSdeG formulará tamén na Comisión de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo convocada para mañá un paquete de preguntas que forzarán ó Goberno de Feijóo a definir unha estratexia para impulsar o porto seco. Deste xeito, os socialistas queren coñecer "que iniciativas adoptará ó Goberno de Feijóo para a posta en marcha da plataforma e para a captación de empresas; que incentivos serán aprobados, e cal será a participación do concello e das organizacións empresariais e sociais radicadas na zona".

"As obras de urbanización da primeira fase deste complexo estanse ultimando despois dunha longa demora e, polo momento, non se coñecen os plans do Goberno galego para o seu desenvolvemento, non se sabe de posibles contactos levados a cabo para atraer organizacións empresariais, nin existe unha plataforma de interlocución estable", subliñou o parlamentario socialista Vicente Docasar. O deputado advertiu de que "a competencia doutros territorios está presente e compre actuar con decisión e coordinación. A Xunta non pode continuar nunha actitude contemplativa, sen definir os plans necesarios para impulsar e poñer en valor o investimento realizado".

### **"Incentivos para favorecer o investimento empresarial"**

Docasar destacou neste senso a necesidade de "crear un conxunto de incentivos para favorecer o investimento empresarial, hoxe dificultado pola crise", tales como "a cesión de solo a prezo simbólico, períodos de carencia longos, aluguer de parcelas con dereito a compra, promoción e creación dunha unidade aduaneira para simplificar os posibles trámites burocráticos".

A proposición non de lei e preguntas orais que formularán mañá os socialistas constitúen a primeira iniciativa que aborda a Cámara galega das que presentou o PSdeG ante "o grande interese que o próximo remate das obras do porto seco está a xerar nas institucións e colectivos empresariais e sociais da comarca", e a falta dun plan da Xunta para impulsar o

---

# Nota de prensa



seu desenvolvemento. O obxectivo, continuou, é “sumar esforzos, deixando de lado intereses partidistas”, para sacar adiante “un proxecto de interés prioritario para o futuro de Monforte. “Queremos que a plataforma loxística sexa unha verdadeira oportunidade que reactive a economía e cree emprego na zona sur”, algo que “hoxe é máis necesario que nunca, se non queremos asistir ó despoboamento desta comarca e evitar que se convirta nun xeriátrico ó aire libre por falta de perspectivas laborais e polo conseguinte éxodo da nosa xuventude”, explicou Docasar.

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia  
**LUGO**

---

Lugo, 11 de setembro de 2013

**Saúdos,**  
**Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo**